



REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL
LÉREZ
11-11-15

Xuntanza mantida entre o **consello parroquial de Lérez** e a concelleira delegada da parroquia **Pilar Comesaña**, para presentar as obras que darán comenzo de inmediato e facer o seguimento do plan de parroquia.

As obras que darán comenzo de inmediato serán nas zonas da Gándara e da Piolla.

Gándara

Antes de comenzo de ano dará comenzo a segunda e definitiva fase do acondicionamento da zona da Gándara que será realizada pola empresa Ediserpo e cun presuposto de 250.000,00 €. O retraso sufrido por esa obra débese ao paso dunha calzada romana e dun tramo do camiño de Santiago, e houbo que facer a catalogación de toda a zona por parte de patrimonio da Xunta.

A Piolla

Esta obra tamén dará comenzo este ano e ten un presuposto de 190.000,00 €. Consistirá no asfaltado da estrada que vai dende a Piolla ata Casalnovos, incluíndo tamén ensanchamento de algunhas zonas

Seguimento do plan de parroquia

Para o próximo ano farase o asfaltado dunha pequena zona da **Fontaiña** que está en moi malas condicións e que conectará co novo vial a Monteporreiro. Nesa zona tamén se arranxará o sendeiro que pasa polo río.

Tan pronto como se faga a cesión ao Concello por parte de Adif dos terreos que ten en **Médico Ballina**, construírse o parque infantil. Tamén fará unha actuación de calmado de tráfico, mediante a construción de novos lombos e dar maior visibilidade aos pasos de peatóns.

Tamén se está pendente do permiso de Fomento para a colocación de semáforos de pulsar nos cruces das zonas de **Casaldourado-Cendona** e **A Ferreira-Ramallás**

Estase a facer un estudo por parte dos técnicos do concello do tráfico no entorno do **colexio**, no lugar do **Cruceiro**, por petición da dirección e da ANPA, posto que cada día que pasa o perigo para os nenos que acceden andando é maior

Na primaveira acondicionárase en **Couso** o acceso polo río que conecta coa praia fluvial, incluída unha subida que vai a dar a illa de Couso.

As cunetas dende o **Cruceiro** ata o **Castelo** faranse nas zonas onde realmente sexan necesarias, principalmente preto das casas, xa que parte delas están feitas. Fíxose un contrato con Xoan XXIII para que se limpen todas as cunetas da parroquia.

Construirase unha plataforma de formigón para os contenedores en **Casalnovio**.

No ano 2016 tamén se dará inicio ao acondicionamento do camiño que comunica **Casalnovio** con **A Fontecortiza** e **Casaldourado**

O Consello parroquial decide dar prioridade ao adecentamento do lugar do **Ramallás**, para facer alí o núcleo de centralidade da Parroquia.

- O primeiro paso será a compra dunha casa abandonada na entrada da zona, para proceder ao ensanchamento da rúa, posto que nestes momentos non pode acceder ningún tipo de vehículo de emerxencias. No terreo restante farase un pequeno parque no que os veciños terán que decidir a que se quere dedicar: unha das propostas feitas pola asociación de veciños sería dotar a zona dun espazo con elementos de ximnasia para maiores.
- Por parte da concelleira entrégase unha autorización para que a firmen os veciños propietarios de varias leiras, permitindo o paso das tuberías do alcantarillado pola súa propiedade. A asociación de veciños xa falou cos propietarios e mostran a súa dispoñibilidade para conceder dito permiso.
- Nos vindeiros días a Concelleira visitará a zona cun técnico municipal para estudar o proxecto do alcantarillado, ver un muro parcialmente derrumbado e que invade o camiño público e unhas filtracións de auga subterránea que está producindo uns pequenos socabóns en dito camiño.